

## LOIS PEREIRO: A ESCURIDADE INCANDESCENTE

Manuel Rivas

Un país, un pobo, defínese tamén polo que homenaxea, polo que celebra, polo que honra.

E hoxe quen nos convoca é un poeta.

Penso que é un acto de gran valor, significativo, para quen foi un gran valente.

Un poeta, e máis nestes tempos, adoita manter correspondencia consigo mesmo.

Mírase ao espello, reflíctese, interpela ese dobre, e se ten valor atravesará ao outro lado, á outra beira, ao azougue, onde está o escuro, o descoñecido, o oculto. O invisíbel.

Nelly Sachs, unha poeta xudía que viviu na infancia o terror do holocausto, autora de libros que desgarran o lector como *As moradas da morte*, comezou escribindo os poemas como cartas para si mesma. “Se non escribira, non podería ter sobrevivido”. Até que encontrou unha caixa de correo a onde mandalos, de Estocolmo a París. A de Paul Celan, tamén poeta, tamén escritor en alemán, tamén xudeu. E entón proclama: “Teño un fogar sobre a terra”. E máis adiante, cando o universo das súas palabras se expanda, falará dunha patria invisíbel: “Querido Paul Celan, nós queremos seguir achegándonos a verdade o un ao outro. Entre París e Estocolmo esténdese o meridiano da dor e o desacougo”.

Lois tivo axiña “un fogar neste mundo”. Un grande amor, Piedad, a quen escribir. Tamén encontrou, en intres moi críticos, un editor, Paco Macías, que lle publicou dous libros que agromaron na intemperie, que se abriron paso pouco a pouco polas estacións da néboa, coma quen leva o inverno nos ombreiros. Mais cada día que pasa, exconxurados algúns sambenitos, o vento Lois expándese e entrelaza soidades nunha “patria invisíbel”.

Que isto suceda e con tal intensidade significa, entre outras cousas, que é posíbel o que chamariamos un “cambio de alento” na atmosfera cultural. Lois, cos seus poemas, co único patrimonio da súa cabeza, da súa mente aberta, é quen de abrir paso na mesta néboa. Por iso falo dun mozo valente. Porque apostou a cabeza en cada poema. Por iso semella que cada poema, cada liña, é unha caligrafía punzante da vida, un suco tamén gravado no propio corpo.

Ademais de preguntármonos como o puido facer, a primeira sensación que nos provoca a obra de Lois Pereiro, que viviu 37 anos, é que estamos ante unha

especie radicalmente nova. Nestes tempos de extinción, as súas composicións agroman coa condición do que antes non existía ou non existía dese xeito. Do diferente. Do que semella proceder “doutro tempo” e “doutro lugar”. A sensación vai máis alá: Son “fíos soltos” dun tecer e destecer e onde a lanzadeira do tear semella ir e vir atravesando a liña do inaccesíbel. A calidade da mellor poesía é dicir o que non se pode dicir, ou que semella imposible de expresar. Hai enigmas que atravesan o tempo, mais cada tempo ten os seus enigmas. Neste noso tempo, temos moita información, ou moitas ferramentas para obtela, mais tamén temos a sensación de que perdemos ou de que nos é subtraída información esencial sobre a condición humana.

Hai quen pensa que todo se resolve co progreso tecnolóxico, e que iso garante un Progreso ilimitado, infindo. Mais iso é unha superstición. Cando hai unha zona de sombra a onde non chegan ben as ondas, a solución técnica, o milagre, é colocar unha antena parabólica. Ou como dixo unha miña veciña, unha “antena paranoica”. Pero hai zonas de sombra que non se remedian nin con parabólicas nin con paranoicas. A esas zonas de sombra, coma a esa “caixa negra” que chamamos alma, pode chegar a sonda en profundidade da poesía.

A poesía é, foi sempre, un urdido de beleza e verdade, aínda que sabemos que beleza e verdade mudan de aparencia cos tempos e as idades. Mais por moitos disfraces de modas, e por moitos falsos envoltorios, hai intres, hai cantares, hai textos que son espazos de ambiente e emoción, onde recoñecemos de xeito inequívoco que quen está a falar é a boca da literatura. En *Gobernadores do resío*, a gran novela haitiana, publicada en 1929, da autoría de Jacques Roumain, quen deu todo polo seu país, até o sacrificio, hai un intre arrepiante en que un personaxe temeroso dille a quen está a transgredir a lei do silencio: “Non quero oírte máis. As túas palabras parécense demasiado á verdade e a verdade é talvez un pecado”.

Así son as palabras de Lois *Loisón* Pereiro. Son tan verdadeiras que semellan pecado. Como hai unha beleza do enigmático. Porque iso é un don da poesía cando é excepcional: que *enigmatiza* aquilo que desvela.

Hai que ser moi valente para chegar aí.

Así que aí temos verdade, puñazos de verdade, cachizas inconfundíbeis do espello humano a arder na noite, un poema-corpo á deriva. Información esencial sobre a condición humana.

Si, cada poema é un expediente íntimo con información básica para todos. Así ‘Edinburgh Edinburgh’ (*Poemas 1981/1991*): “¿Onde se deita a noite en Edinburgh? / ¿á esquerda do castelo de carbón diamante cun sol negro? / Catro teenagers punks / xaspeaban mil cores metalizadas / co meu ollo animal cravado neles/ No future Anarchy & destroy me”.

Agora sabemos moi ben que ese “Non futuro” non era unha estilización nihilista, non era unha perda de sentido, senón a máis lúcida proclama ética e estética fronte ao “futuro” como estúpida superstición: o Progreso ilimitado, o vivirmos xa na feliz Fin da Historia. Así que co tempo o *punkismo* de Lois, o radicalismo ético e estético, ese traspasar o espello coma Alicia, ese ir cara ao Ártico, é unha posición lúcida. Ese “futuro”, o da cobiza sen escrúpulos, o gangsterismo do capitalismo corrupto, o do control das mentes nun inferno virtual, o da insolidariedade, o da desfeita da terra, do medio ambiente, todo iso que el denuncia na súa *Modesta proposición*, ese manifesto imprescindíbel, escrito pouco antes de falecer, ese *futuro* non é tal futuro senón unha derrota da humanidade. Un triunfo da morte.

E cómpre dicir neste punto que cada verso, cada poema de Lois é unha vitoria contra a morte. A indiferenza mata, dicía el. Hai unha morte biolóxica, inevitábel, mais que nos fai partícipes do ciclo da natureza. Pero hai outra morte contra a que de verdade loitaba Lois. Esa morte que nos apreixa en vida: a da indiferenza, a da suspensión das consciencias, a da produción de odio, a que esmaga a diversidade dos pobos e da terra. O seu corpo, o seu poema-corpo, foi escenario dun longo combate entre Eros e Tánatos, entre a pulsión do desexo e a aperta da morte. Cada verso seu, cada poema, cada palabra, o que el chamaba as “balas do desexo”, podemos velas como unha vitoria da humanidade contra a morte.

Nalgúns casos, nos corpos máis abertos, máis sensíbeis, é un combate encarnizado e en vixilia. Un cuadrilátero cunha lámpada sempre acesa, prendida a unha corrente de suor fría. Na intensidade desa loita, abeirando o abismo, hai intres, como vemos no boxeo, en que un abraza o inimigo para non caer. Mesmo pode ocorrer que o loitador faga panca cos golpes que leva. Ás veces semella vencido pola morte. Coma se se apoiase nela. Como en ‘Cartografía’ (*Poemas* 1981-1991): “Cal morto xa / ou vencido / falo sen min / e durmo no desastre”. Mais ese poema do derrube, esa “literatura do íntimo escombros”, ten continuación nesta segunda estrofa: “Debería ser posible / facer mapas do odio / e os húmidos monólogos / das cisternas / de noite / descifrar”. Hai ‘algo’ ao que Lois endexamais renuncia. Nin sequera nestes textos que xa semellan ecos dunha ausencia (“falo sen min”). Penso que é ‘algo’, e co moito que se está a falar da súa obra, ao que non se lle presta a debida atención e que é unha compoñente esencial. Máis extrema que o seu dramatismo é a súa ironía. É esa sustancia, ás veces licuada, imperceptíbel a simple vista, a que fai que a escuridade nos versos non sexa opaca senón incandescente, ao xeito da ardora no mar ou a toupa que fura na turba dos poemas.

Tense falado moito das súas doenzas. As pegadas están no seu corpo. No mapa do seu rostro. Tiña razón Borges: o máis interesante mapa do mundo é o

rostro humano. E o corpo de Lois é “un corpo de rei”, fermoso con enigmas, como escribiu Pierre Michon de Samuel Beckett. Por iso a súa iconografía non nos resulta indiferente. Porque hai unha íntima conexión entre os signos do corpo e os do poema.

Mais vai sendo hora de falar das súas contradoenzas. Da súa valentía. Desa súa ironía. Só quen coñece a dor pode mudala nun humor insurxente. Do seu don sensorial, esa capacidade de sinestesia levada ao límite. Da súa sensibilidade, esa pel tan fina, tan exposta, que sente a dor de todos os demais. Desa verdade tan forte que semella pecado e por iso convida á redención. Esa verdade que foi quen de dicir á morte, cara á cara, en nome propio e da súa patria invisíbel: “Fuck off!”

Baixo o ceo libre de Monforte, a 17 de maio de 2011, douche as grazas, Lois. Grazas polo agasallo. Grazas por deixarnos o teu pan: a marabilla, a rebeldía e a xenerosidade.